

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

PARLAMENTO DE GALICIA

CORRECCIÓN de erros. Resolución do 12 de agosto de 2016 pola que se anuncia a licitación da contratación administrativa dos servizos para a xestión da seguridade, vixilancia e control integral do recinto e das instalacións, mediante procedemento aberto.

Advertido un erro na resolución do anuncio de licitación da contratación administrativa de servizos para a xestión da seguridade, vixilancia e control integral do recinto e das instalacións do Parlamento de Galicia, publicada no DOG nº 168, do 5 de setembro de 2016, procédese á súa corrección:

Na páxina 39208, onde di: «c) Complementaria: no caso de que o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa conforme os criterios de valoración, estando en baixa anormal ou desproporcionada, xustifique debidamente o importe ofertado, terá que constituír unha garantía por importe do 5 % do prezo de licitación, IVE excluído», debe dicir: «c) Complementaria: no caso de que o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa conforme os criterios de valoración, estando en baixa anormal ou desproporcionada, xustifique debidamente o importe ofertado, terá que constituír unha garantía por importe do 5 % do prezo de adxudicación, IVE excluído».

